

Dona María del Mar García Vidal, alcaldesa accidental por delegación decreto de Alcaldía 139/2022 do Concello de Negreira, na Provincia de A Coruña

Tras convocatoria publicada pola Consellería de Emprego e Igualdade, no seu DOG nº 21 do martes 1 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. Tras notificación de Resolución favorable para a contratación de 2 tractoristas- manipuladores agrícolas e 1 peón forestal, con vinculación a estes programas de fomento de emprego no medio rural, e considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

EXPEDIENTE: 2022/G003/155

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as BASES para a contratación de persoal laboral a xornada completa, do Programa para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) de 2 tractoristas e 1 peón forestal.

O texto das bases vai adherido como anexo a este decreto.

Segundo: Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Terceiro: Remitir á Consellería de Emprego e Igualdade toda a documentación que requira para unir ó expediente.

ANEXO:



BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

1. OBXETO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases a contratación coma persoal laboral temporal de dous (2) postos de tractorista e un (1) posto de peón forestal, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade en aplicación da orde publicada no DOGA nº21, do 27 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade de contrato será a de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da orde do 27 de xaneiro de 2022 da Consellería Emprego e Igualdade.

Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ó 100% (coeficiente 1.0) cunha xornada de 37.5 horas semanais e terán unha duración de 9 meses. Tipo de contrato: **Contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).**

O prazo límite de inicio do dito contrato será o 15 de xuño de 2022.

3. PUBLICIDADE.

A publicidade dos anuncios relativos á presente convocatoria farase mediante a páxina web municipal www.concellodenegreira.gal e no taboleiro de anuncios do Concello de Negreira.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Informe médico actualizado Obrigatorio presentalo no momento da solicitude coa instancia ou ben, antes de realizar as probas escritas (fase oposición) ou no mesmo día da proba. (Anexo IV).

Se no momento de presentar a solicitude da instancia o candidato non pode achegar o informe do médico de cabeceira deberá presentar a declaración xurada conforme posúe a capacidade funcional, e da súa aptitude para desenvolver as tarefas do posto que solicita.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (declaración responsable asinada coa solicitude de acordo co Anexo II das presentes bases)

e) Xustificación de estar en situación de desemprego, no caso de non entregar este xustificante pode entregar unha autorización asinada, tal e como refire o Anexo III das presentes bases.

f) Permiso de conducir tipo B, só para as persoas candidatas do posto de tractorista.

g) Posuír a titulación esixida:

· *Tractoristas- Manipuladores Agrícolas*: Graduado Escolar ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredita fielmente a súa homologación.

· *Peón forestal* : Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

h) Cumprir como demandante de emprego algunha das situacións recollidas no artigo 14 das bases publicadas no DOG N°21, do martes 1 de febreiro de 2022 mediante a Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. Terán preferencia, en todo caso, tal e como sinala o punto 5 do artigo 14 da devandita orde, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3) Persoas paradas de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.

5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

g) Non poderán ser contratados/as con cargo as axudas previstas na Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG nº21, do martes 1 de febreiro de 2022) as persoas que foran contratadas por un período igual ou superior a 9 meses, con cargo as axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, enténdendose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego en situación de desemprego, e anotarse antes do cruzamento da oferta no dito organismo, nas ocupacións solicitadas: “**TRACTORISTAS-MANIPULADORES AGRÍCOLAS**” e “**PEÓNS FORESTAIS**”. Unha vez remitidas as persoas candidatas polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o Concello) comunicarlle ás persoas candidatas preseleccionadas o día e a hora de presentación no Concello para a realización da proba escrita, así como a documentación que deben presentar para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 4 das presentes bases, é a aquela outra documentación susceptible de valoración.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección das persoas candidatas será mediante a presentación de oferta pública de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e polo sistema de concurso - oposición.

Unha vez comprobados os requisitos das persoas candidatas preseleccionados/as pola Oficina de emprego Santiago-Norte, serán citados polo Concello para a realización da proba escrita, coa data e hora sinalada no proceso. Ese mesmo día entregarán a documentación baremable no proceso, tal e como se especifica a continuación:

O proceso de selección contará coas seguintes fases:

1.- Criterios sociais de integración laboral: Establecidos no punto 5 do artigo 14 da Orde do 7 de xaneiro de 2022. Valorarase 0,20 puntos por atoparse nalgunha ou nalgunhas das situacións que logo se relacionan, ata **un máximo de un punto**.

- a) Mulleres, e en especial as que acrediten ser vítimas de violencia de xénero.
- b) Persoas con discapacidade.
- c) Persoas desempregadas de longa duración.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.
- e) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- f) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

Así mesmo terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

2.- Proba escrita. Consistirá na realización dun exercicio que será cualificado de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación **mínima de 6 puntos** cada un para superala sendo obrigatorio e eliminatorio; Máximo 12 puntos.

De carácter eliminatorio.

Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte catro preguntas, con tres respostas alternativas.

3.- Formación: Puntuarase cun máximo de 5 puntos.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición (proba escrita), xa que a non presentación a mesma ou a non superación da mesma



suporá a eliminación do proceso.

Puntuarase **cun máximo de 5 puntos, dacordo coa seguinte distribución:**

1) Formación: Máximo 5 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados).

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.
- Cursos de lingua galega;

Celga 2: 0,25 puntos.

Celga 3 : 0,50 puntos.

Celga 4: 0,75 puntos.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos criterios de valoración, proba escrita e formación, en caso de empate nas puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na proba escrita. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que máis tempo leven inscritos como demandante de emprego. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

A documentación a presentar especificase nos seguintes puntos para cada posto ofertado:

PARA O POSTO DE TRACTORISTA,

O proceso selectivo desenvolverase como procede:

-PROBA ESCRITA: (Máx. 12 puntos)

A proba escrita será previa á valoración. Consistirá na realización dunha proba teórica escrita coa seguinte temática acordada coa praza.

Esta fase consistirá na realización dunha proba tipo test de 24 preguntas , con resposta única e cunha puntuación máxima total acadable será de 12 puntos.(0.50 puntos cada pregunta contestada correctamente).



O temario desta proba serán aspectos básicos do posto de Tractorista, tendo en conta o servizo que se prestará con esta contratación, serán as relativas a ;

O Concello de Negreira, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, maquinaria, vehículos, ferramentas e demais medios dos que dispón, coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, corta céspede, desbrozadora, tractor, coche con remolque ...); Normas de seguridade e saúde laboral (Prevenición de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios forestais. Organización do servizo de xardinaría e servizo de brigadas forestais. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Coñecementos de limpeza e adecentamentos forestais, organización do traballo e nocións básicas de limpeza e desbroce municipal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos do proceso quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

PARA O POSTO DE PEÓN FORESTAL.

O proceso selectivo desenvolverase como procede:

PROBA ESCRITA: (Máx. 12 puntos)

A proba escrita será previa á valoración. Consistirá na realización dunha proba teórica escrita coa seguinte temática acordada coa praza.

Esta fase consistirá na realización dun exame tipo test de 24 preguntas , con resposta única e cunha puntuación máxima total acadable será de 12 puntos. (0.50 preguntas contestada correctamente)

O temario desta proba serán aspectos básicos do posto de Peón forestal tendo en conta o servizo que se prestará con esta contratación, serán as relativas a ;

O Concello de Negreira, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, ferramentas e demais medios

dos que dispón, coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais. Normas de seguridade e saúde laboral (Prevención de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios forestais. Organización do servizo de xardinaría e servizo de brigadas forestais. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Coñecementos de limpeza e adecentamentos forestais, organización do traballo e nocións básicas de limpeza e desbroce municipal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

7. TRIBUNAL

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Negreira.

O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma

será nula de pleno dereito.

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

A composición do Tribunal seleccionador, será a seguinte:

Presidente; Manuel Antelo Varela.- Capataz de obras do Concello de Negreira.
Suplente Presidente: Cristina Manteiga Tomé.- Oficial de xardiñería do Concello de Negreira.

Vogais.-

Vogal 1.- Patricia Barreiro Casal.- Administrativa do Concello de Negreira
Suplente Vogal 1.- M^a Paz Teijelo Mancebo.- Administrativa do Concello de Negreira
Vogal 2.- Sonia Nieto López.- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.
Suplente Vogal 2.- Álvaro Lira Gorgal.- Coordinador Cultura e Deportes do Concello de Negreira.
Vogal 3.- Ana Lucía Calviño Canedo.- AEDL do Concello de Val do Dubra.
Suplente Vogal 3.- Marcos Pérez Lourido.- Coordinador Cultura e Deportes do Concello de Negreira.

Secretaria.- Sonia Ponte Esturao.- AEDL do Concello de Negreira.
Suplente a Secretaría.- José Fernández Ponte.- Administrativa do Concello de Negreira.

8.- PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación total máxima do proceso será de 20 puntos, no caso de que dúas ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, procederase a DESEMPATAR na seguinte orde:

- 1º. Obtivesen maior puntuación na fase de oposición (proba escrita).
- 2º. Maior antigüidade en situación de desemprego

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan as maiores puntuacións; na suma da fase de concurso e oposición. Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación dos candidatos preseleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO



Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal formará a redacción de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo exceder estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia DNI, e Tarxeta Sanitaria.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Xustificante da Conta Bancaria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.

Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

Establecese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, con sede na Rúa do Carme nº3, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei”.

Negreira, 18 de maio de 2022.

*A Alcaldesa Accidental
M^a del Mar García Vidal
(por delegación decreto alcaldía 139/2022)*

FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL – APROL RURAL.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS: _____
DNI: _____
TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____
ENDEREZO: _____

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

TRACTORISTAS- MANIPULADORES AGRÍCOLAS.
PEÓN FORESTAL

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- DNI.
- Permiso de conducir B para o posto de Tractorista(obrigatorio)
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación aportada polo aspirante.
- Xustificación de estar en situación de desemprego ou no seu defecto deberá presentar a (autorización para a súa consulta Anexo III)
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria. (Anexo II)
- Declaración xurada da súa capacidade funcional para desempeñar o posto de traballo ou Informe do médico de cabeceira. (Anexo IV)

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Negreira, de maio de 2022.
(SIGNATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D. _____ con DNI; _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que reúne algún dos requisitos desta convocatoria e que son os sinalados na base 4 das bases que rexen a presente convocatoria.

En Negreira, de maio de 2022.

(SIGNATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ANEXO III: AUTORIZACION

Eu, D. _____ con DNI; _____

- **AUTORIZO, Ó SERVIZO LOCAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE NEGREIRA, PARA QUE COMPROBE OS DATOS DA MIÑA DEMANDA DE EMPREGO NO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO GALICIA.**

En Negreira, de maio de 2022.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ANEXO IV.DECLARACIÓN XURADA

Eu, D. _____ con DNI; _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría q eu se opte.
- No caso, de NON entregar o Informe do médico de cabeceira acreditando a miña capacidade para o desenvolvemento das funcións no momento da presentación da COMPROMÉTOME a entregalo por rexistro de entrada do Concello de Negreira, antes ou no momento de celebración da proba escrita (fase oposición).

En Negreira, de maio de 2022.

(SIGNATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.